

# ENREDOS NO PARALELO 17. JORIS IVENS E AS VISIONS EUROPEAS DA GUERRA DO VIETNAM<sup>1</sup>

HANS SCHOOTS

MOITOS EUROPEOS ACTIVOS no movemento contra a Guerra do Vietnam coñeceron os filmes do veterano documentalista holandés Joris Ivens en Vietnam e Laos, mesmo ás veces sen saber que Ivens era o seu director. As súas películas facían parte case ritual de numerosos debates e seminarios sobre o Vietnam en Francia, Italia, a RFA, Bélxica ou Holanda. Refírome a *Le ciel – La terre* (1966), *Le 17e parallèle* (1968) e o filme de Laos *Le peuple et ses fusils* (1970). Nestes dous últimos documentais, Ivens contou coa colaboración da súa compañeira Marceline Loridan. A parella vivía en París onde tamén fan parte do proxecto colectivo *Loin du Vietnam* (1967) cos directores Chris Marker, Jean-Luc Godard, William Klein, Claude Lelouch, Alain Resnais e Agnès Varda entre outros participantes.

O propio Ivens percorreu Europa na compañía destes filmes, visitou Oslo no norte, a fábrica ocupada de Coca Cola en Roma e moitos outros lugares. En Francia pertenceu ao núcleo duro dos chamados «petitioneurs», canda celebracións como Simone Signoret, Yves Montand, Jean-Paul Sartre e Costa-Gavras, onde se asinaban declaracións políticas a diario. Signoret estaba presente na íntima presentación dun dos filmes vietnamitas de Ivens: *O paralelo 17*. Este filme facía parte do programa fundamental das grandes reunións de intelectuais por Vietnam realizadas en París en marzo de 1968 e viaxou extensamente a través de Francia. Na súa primeira semana en París, as proxeccións de dous cinemas tiveron que se cancelar por ameazas de bomba, presumiblemente realizadas pola extrema dereita. En Italia, Ivens era convidado case cada ano polo Festival dei Popoli de Florencia, unha das numerosas manifestacións culturais promovidas polo Partido Comunista Italiano, onde os seus filmes eran proxectados ante un público masivo.

(...)

A orixe e a preparación d'*O paralelo 17* son unha historia en si propias. Na primavera de 1967 Joris Ivens vai a Hanoi por invitación do goberno de Vietnam do Norte para dar clases na escola de cinema. Unha vez en Hanoi, as autoridades solicítanlle a realización dun novo filme sobre a Guerra do Vietnam. El xa tiña realizado a curtametraxe *Le ciel – La terre*, e agora solicitábanlle a realización dunha película máis longa, algo así como *Terra de España*, o lendario filme realizado nos anos 30 durante a Guerra Civil Española, coa colaboración de Ernest Hemingway. Para realizar este novo filme, Ivens e Loridan propóñense ir ao décimo sétimo paralelo, a liña de demarcación desmilitarizada e divisoria entre Vietnam do Norte e do Sur.

A cousa é que os vietnamitas, ao primeiro, consideraban o plan perigoso de máis, pero os cineastas arranxaron para convencer persoalmente ao presidente Ho Chi Minh, logo dunha cea. Agora precisaban material e equipos. Os goberno vietnamita achégalles unha cámara e unha gravadora de son e pon profesionais do país á súa disposición. A viaxe ao paralelo 17 foi unha empresa complicada, o camión conducía pola noite a través dunha das rutas de suministros máis bombardeadas do país. Os membros do equipo tiñan ordes de protexer a vida de Ivens e Loridan a toda costa e pórse diante deles se as cousas se puñan perigosas.

Para ollar *O paralelo 17* dende unha perspectiva correcta, é necesario ter conta da situación da guerra a pé de campo, en maio e xuño de 1967, na zona na que foi gravada: o distrito de Vinh Linh, xusto ao norte da zona desmilitarizada. Uns meses atrás, a finais de febreiro dese ano, o exército de Vietnam do Norte e a Fronte de Liberación Nacional de Vietnam do Sur, comezaron unha ofensiva na área situada ao sur da zona desmilitarizada. A ofensiva estaba aínda en marcha cando Ivens e Loridan chegan á escena, e había

[1] Fragmentos dun relatorio lido no Congreso sobre Europa e a Guerra do Vietnam, na Universidade de Utrecht, Países Baixos, decembro de 2000.

continuar, con altos e baixos, até o remate de ano. Pobos e bases militares americanas e survietnamitas como Con Thien, Camp Carrol, Khe Sanh e Dong Ha foron atacadas de maneira case continua.

A base da mariña americana en Con Thien, situada xusto en fronte do distrito de Vinh Linh, onde Ivens e Loridan traballaron, foi bombardeada e illada do mundo exterior durante varios meses e só podía recibir suministros por vía aérea. Entre o 5 e o 14 de xullo acádase o punto culminante. Con Then e Gio Linh son sometidos por parte da artillaría comunista ao maior ataque da guerra até esa data. As condicións en Con Thien, cos seus soldados vivindo en agochos subterráneos, foron obxecto dunha incisiva reportaxe en *Times Magazine* e, dalgún xeito, fica reflectida, mais dende o bando contrario, polo filme de Ivens. Para o bombardeo botábase man da artillaría de último modelo que tiña chegado da Unión Soviética. Non é de estrañar que, logo do seu retorno a París, Ivens, fora visitado por dous representantes americanos da CBS e un «sospeitoso» terceiro home, que lle ofreceu un monte de cartos polas gravacións destas armas. En van, evidentemente.

A ofensiva norvietnamita foi seguida dunha resposta a grande escala dos EEUU e Vietnam do Sur. Na beira sur da zona de demarcación guindáronse panfletos convidando á poboación a marchar. Máis tarde a área converteuse nun deserto ennegrecido polas bombas. Dito doutro xeito, o distrito de Vinh Linh, onde Ivens e Loridan gravaron o filme, era unha zona de combate onde o exército de Vietnam do Norte e a Fronte Pola Liberación Nacional de Vietnam do Sur combatía con formas que pouco tiñan xa a ver coa guerrilla senón máis ben cunha guerra regular a ceo aberto.

Dende este punto de vista resulta rechamante que o goberno de Vietnam do Norte fracasase ao evacuar a poboación civil, expoñéndoa ás represalias a grande escala por parte dos EEUU e Vietnam do Sur. Por suposto, isto encaixa na teoría da guerra do pobo, segundo a cal cada civil tiña que facer parte activa da loita. De feito, esta teoría non recoñece a poboación civil como tal. Neste caso, en particular a poboación de Vinh Linh, situábase nun lugar no que non era posíbel eludir a participación activa na guerra.

(...)

En declaracións de prensa e outros artigos da época, Ivens era bastante claro á hora de falar da causa pola que el e Loridan estaban a loitar: «Temos que vencer o inimigo común e acó [en Vietnam] estamos a derrotalos». Para eles, Vietnam era tan só unha batalla na loita internacional polo comunismo e o socialismo e contra o inimigo común, o imperialismo, nomeadamente o americano.

Como cineastas activistas o seu deber era transmitir esta mensaxe ao público occidental. A seriedade coa que atinxiu esta tarefa queda clara nos detallados informes sobre as súas actividades escritos ao goberno de Vietnam do Norte. Por exemplo, un artigo titulado «Informe do traballo de Joris Ivens e Marceline Loridan na Área de Política e Propaganda de agosto de 1967 a marzo de 1968», na que dá conta dos artigos que os cineastas publicaron en Vietnam, as entrevistas e conferencias de prensa ofrecidas, o libro que publicou Loridan en París sobre o seu traballo en Vietnam (*17e parallèle. La guerre du peuple, deux mois sous la terre*) ou o testemuño da cineasta ante o Tribunal Russell en Copenhagen.

Mais como interpretou o público *O paralelo 17*? Para unha audiencia atenta a mensaxe sería a defensa do comunismo antes indicada, procurando un visionado consciente do filme con especial atención ao longo texto que acompaña as imaxes. Esta era a mensaxe que agardaba o movemento Europeo polo Vietnam como o propio Ivens constatou en Francia. Ivens vivira en París dende a metade dos 50 e con altibaixos seguiu a apoiar o Partido Comunista Francés (PCF), até pouco antes de 1970, mais rexeitou o slogan do PCF «Paz en Vietnam», de mediados dos 60, e achegouse máis ao do movemento dos estudantes radicais, organizados na Unión Nacional de Estudantes de Francia (UNEF) co seu «Vitoria da guerra popular». Tal e como o activista francés e colaborador de Ivens, Robert Destanque, dixo unha vez da relación do autor holandés cos estudantes radicais franceses: «Joris Ivens canta a canción do comunismo ao xeito que a xente nova quere escoitar».

**PRÓXIMA SESIÓN:**

**MÉRCORES 27 DE MARZO**

*Corazóns e mentes (Hearts and Minds,*  
Peter Davis, EUA, 1974, 112', VOSG)